

**A regulación do
emprego e o Fondo de
Garantía Salarial**

12

CAPÍTULO 12: REGULACIÓN DE EMPREGO E FONDO DE GARANTÍA SALARIAL (FOGASA)

12.1. Regulación de emprego

Neste apartado analízásenos os expedientes de regulación de emprego tramitados e as persoas traballadoras afectadas cos datos facilitados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria con competencia en Galicia e coa información publicada polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

O Estatuto dos traballadores nos seus artigos 47 e 51 regula os despedimentos colectivos, suspensión do contrato ou redución de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción ou derivados de forza maior.

No caso dos procedementos de extinción colectiva de contratos por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción por decisión da empresa, unha vez finalizado o período de consultas, con acordo ou sen el, a empresa poderá notificar os despedimentos de xeito individual ás persoas afectadas.

Aínda que non é necesaria autorización administrativa previa, si é necesaria a comunicación á autoridade laboral e o período de consultas.

Enténdese por redución de xornada a diminución temporal de entre un 10% e un 70% da xornada computada sobre a base dunha xornada diaria, con independencia do número de persoas traballadoras da empresa e do número de persoas afectadas, sempre que sexa por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.

Igualmente o contrato de traballo poderá extinguirse, suspenderse ou reducir a súa xornada por causas de forza maior.

A existencia de forza maior que motive a extinción, suspensión ou redución de xornada, debe ser constatada pola autoridade laboral calquera que sexa o número de persoas afectadas.

Denomínanse procedementos pactados aqueles nos que se alcanza un acordo entre a empresa e os representantes legais. Os procedementos sen período de consultas son aqueles que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas.

Cadro 12.1**Expedientes de regulación de empleo, pactados, non pactados e sen período de consultas.
Galicia. 2016-2017**

	Pactados		Non pactados		Sen período de consultas		Totais	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017	2016	2017
A Coruña	66	39	8	14	22	5	96	58
Lugo	22	11	0	0	2	4	24	15
Ourense	14	11	2	1	1	1	17	13
Pontevedra	147	96	10	6	123	10	280	112
Autonómicos	6	7	1	0	0	0	7	7
Totais	255	164	21	21	148	20	424	205

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Neste primeiro cadro vemos como evolucionaron os expedientes nas catro provincias galegas nos anos 2016 e 2017, tanto en expedientes pactados, como non pactados ou sen período de consultas.

O máis destacado é a diminución de número de expedientes, chegando case a un 62% menos.

Pontevedra segue sendo a que máis expedientes presenta e a que mostra unha redución máis significativa.

É especialmente relevante no caso daqueles que non teñen período de consultas pasando de 123 en 2016 a 10 en 2017.

Os únicos aumentos danse en Lugo, neste mesmo apartado pasando de 2 en 2016 a 4 en 2017 e na Coruña no grupo de non pactados pasando de 8 en 2016 a 14 en 2017.

Cadro 12.2**Expedientes de regulación de emprego segundo a medida e o sector de actividade.
Galicia. 2016-2017**

	Despedimento s colectivos		Suspensión de contratos		Reducción de xornada		Totais	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017	2016	2017
Agricultura	0	0	1	1	0	0	1	1
Pesca	2	3	142	16	1	0	145	19
Industria	9	14	44	26	16	11	69	51
Construción	6	3	30	15	12	10	48	28
Servizos	21	20	51	39	89	47	161	106
Totais	38	40	268	97	118	68	424	205

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Os expedientes segundo o sector de actividade e a medida adoptada, a nivel de Galicia quedan reflectidos neste cadro no que se confirma a tendencia a baixa, agás

en despedimentos colectivos nos sectores de pesca e industria, onde aumentan en torno ao 50%.

Os cadros seguintes móstrannos a mesma información pero desagregada por provincias.

Cadro 12.3

Expedientes de regulación de empleo segundo a medida e o sector de actividade. A Coruña. 2016-2017

	Despedimento s colectivos		Suspensión de contratos		Reducción de xornada		Totais	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017	2016	2017
Agricultura	0	0	1	1	0	0	1	1
Pesca	1	3	22	2	0	0	23	5
Industria	2	8	8	5	4	1	14	14
Construción	2	2	6	3	1	0	9	5
Servizos	11	7	14	16	24	10	49	33
Totais	16	20	51	27	29	11	96	58

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Con esta información podemos ver que o aumento en despedimentos colectivos en pesca e industria en 2017 se deben exclusivamente á provincia da Coruña

Cadro 12.4

Expedientes de regulación de empleo segundo a medida e o sector de actividade. Lugo. 2016-2017

	Despedimento s colectivos		Suspensión de contratos		Reducción de xornada		Totais	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017	2016	2017
Agricultura	0	0	0	0	0	0	0	0
Pesca	0	0	1	2	0	0	1	2
Industria	1	1	2	0	1	1	4	2
Construción	0	0	2	1	1	1	3	2
Servizos	2	2	6	3	8	4	16	9
Totais	3	3	11	6	10	6	24	15

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

En Lugo as reducións son significativas en suspensión e redución de xornada (en torno ao 40%) principalmente no sector servizos e en Ourense son os despedimentos colectivos e as suspensións os que se ven reducidos nun 50%.

Cadro 12.5**Expedientes de regulación de empleo segundo a medida e o sector de actividade.
Ourense. 2016-2017**

	Despedimento s colectivos		Suspensión de contratos		Reducción de xornada		Totais	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017	2016	2017
Agricultura	0	0	0	0	0	0	0	0
Pesca	0	0	0	0	0	0	0	0
Industria	1	1	0	3	1	1	5	5
Construcción	1	0	3	0	1	1	3	1
Servizos	0	0	1	0	7	7	9	7
Totais	2	1	6	3	9	9	17	13

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Cadro 12.6**Expedientes de regulación de empleo segundo a medida e o sector de actividade.
Pontevedra. 2016-2017**

	Despedimento s colectivos		Suspensión de contratos		Reducción de xornada		Totais	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017	2016	2017
Agricultura	0	0	0	0	0	0	0	0
Pesca	1	0	119	12	1	0	121	12
Industria	5	4	31	18	10	8	46	30
Construcción	2	0	18	9	9	7	29	16
Servizos	6	10	29	19	49	25	84	54
Totais	14	14	197	58	69	40	280	112

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Nesta provincia son os suspensións as que reflicten o maior descenso, alcanzando un -70% concentradas maioritariamente no sector da pesca.

Cadro 12.7**Expedientes de regulación de empleo segundo a medida e o sector de actividade.
Autonómicos (afectan a mais de unha provincia). 2016-2017**

	Despedimento s colectivos		Suspensión de contratos		Reducción de xornada		Totais	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017	2016	2017
Agricultura	0	0	0	0	0	0	0	0
Pesca	0	0	0	0	0	0	0	0
Industria	0	0	0	0	0	0	0	0
Construcción	1	1	3	2	0	1	4	0
Servizos	2	1	0	1	1	1	3	4
Totais	3	2	3	3	1	2	7	3

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Neste cadro temos información sobre aqueles expedientes que afectan a máis dunha provincia, e son os despedimentos colectivos do sector servizos os de maior descenso (-50%) e as suspensións en construción as máis numerosas.

A xeito de resumo por provincias e tipo de medida dos anos 2016 e 2017 presentamos o seguinte cadro.

Cadro 12.8

Expedientes de regulación de emprego segundo a medida e ámbito territorial. 2016-2017

	2016			2017		
	Despedimento s colectivos	Suspensión de contratos	Reducción de xornada	Despedimento s colectivos	Suspensión de contratos	Reducción de xornada
A Coruña	16	51	29	20	27	11
Lugo	3	11	10	3	6	6
Ourense	2	6	9	1	3	9
Pontevedra	14	197	69	14	58	40
Autonómicos	3	3	1	2	3	2
Totais	38	268	118	40	97	68

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Pasaremos agora a analizar as persoas afectadas por estes expedientes segundo a medida e o sector de actividade.

Cadro 12.9

Persoas traballadoras afectadas segundo a medida e o sector de actividade. Galicia. 2016-2017

	Despedimentos colectivos		Suspensión de contratos		Reducción de xornada		Totais	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017	2016	2017
Agricultura	0	0	3	3	0	0	3	3
Pesca	11	23	329	190	7	0	347	213
Industria	509	260	2.954	1.170	177	57	3.640	1.478
Construción	174	63	451	116	68	39	693	218
Servizos	311	211	614	452	464	173	1.389	836
Totais	1.005	557	4.351	1.931	716	269	6.072	2.757

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O maior número de persoas afectadas concéntrase no sector de industria e na medida de suspensión de contratos, seguido do sector servizos.

A maior redución interanual encontrámola no sector da construción e concretamente nas suspensións de contratos (-74,28%).

Os cadros seguintes detallan a situación nas catro provincias e a nivel autonómico (afectan a máis dunha provincia).

Cadro 12.10**Persoas traballadoras afectadas segundo a medida e o sector de actividade. A Coruña. 2016-2017**

	Despedimentos colectivos		Suspensión de contratos		Reducción de xornada		Totais	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017	2016	2017
Agricultura	0	0	3	3	0	0	3	3
Pesca	5	23	53	19	0	0	58	42
Industria	33	182	132	146	36	3	201	331
Construción	59	46	140	26	4	0	203	72
Servizos	172	87	100	95	72	38	344	220
Totais	269	338	428	289	112	41	809	668

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Aumento significativo das persoas afectadas en despedimentos colectivos dos sectores de pesca e industria, aínda que en cómputo total da provincia se produce un descenso do -17,43%.

Cadro 12.11**Persoas traballadoras afectadas segundo a medida e o sector de actividade. Lugo. 2016-2017**

	Despedimentos colectivos		Suspensión de contratos		Reducción de xornada		Totais	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017	2016	2017
Agricultura	0	0	0	0	0	0	0	0
Pesca	0	0	1	8	0	0	1	8
Industria	14	2	11	0	9	16	34	18
Construción	0	0	6	2	3	2	9	4
Servizos	25	23	36	25	15	8	76	56
Totais	39	25	54	35	27	26	120	86

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Ao igual que na provincia da Coruña aínda que no total se produce un descenso do -28,33%, hai un incremento tanto na suspensión de contratos en pesca, coma en redución de xornada no sector de industria (77,78%).

Cadro 12.12**Persoas traballadoras afectadas segundo a medida e o sector de actividade. Ourense. 2016-2017**

	Despedimentos colectivos		Suspensión de contratos		Reducción de xornada		Totais	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017	2016	2017
Agricultura	0	0	0	0	0	0	0	0
Pesca	0	0	0	0	0	0	0	0
Industria	8	23	33	121	10	1	51	145
Construción	11	0	9	0	1	1	21	1
Servizos	0	0	4	0	20	16	24	16
Totais	19	23	46	121	31	18	96	162

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Ourense é a única provincia con aumento no número total de persoas afectadas (68,75%), orixinada principalmente polo aumento na industria tanto en despedimentos (187,50%) como suspensión de contratos (266,67%).

Cadro 12.13

Persoas traballadoras afectadas segundo a medida e o sector de actividade. Pontevedra. 2016-2017

	Despedimentos colectivos		Suspensión de contratos		Reducción de xornada		Totais	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017	2016	2017
Agricultura	0	0	0	0	0	0	0	0
Pesca	6	0	275	163	7	0	288	163
Industria	454	53	2.778	903	122	37	3.354	993
Construción	78	0	238	50	38	9	354	59
Servizos	87	88	474	311	286	44	847	443
Totais	625	141	3.756	1.427	453	90	4.843	1.658

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Nesta provincia o número de persoas afectadas redúcese en termos globais (-65,77%) especialmente nos sectores da industria (70,39%) e construción (-83,33%).

Cadro 12.14

Persoas traballadoras afectadas segundo a medida e o sector de actividade. Autónomicos (afectan a máis de unha provincia). 2016-2017

	Despedimentos colectivos		Suspensión de contratos		Reducción de xornada		Totais	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017	2016	2017
Agricultura	0	0	0	0	0	0	0	0
Pesca	0	0	0	0	0	0	0	0
Industria	0	0	0	0	0	0	0	0
Construción	26	17	58	38	22	27	106	82
Servizos	27	13	0	21	71	67	98	101
Totais	53	30	58	59	93	94	204	183

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Neste cadro temos información sobre aqueles expedientes que afectan a máis dunha provincia, concentrándose as persoas afectadas en construción e servizos.

A xeito de resumo por provincias, tipo de medida e persoas afectadas dos anos 2016 e 2017 presentamos o seguinte cadro.

Cadro 12.15**Persoas traballadoras afectadas segundo a medida e ámbito territorial. 2016-2017**

	2016			2017		
	Despedimento s colectivos	Suspensión de contratos	Reducción de xornada	Despedimento s colectivos	Suspensión de contratos	Reducción de xornada
A Coruña	269	428	112	338	289	41
Lugo	39	54	27	25	35	26
Ourense	19	46	31	23	121	18
Pontevedra	625	3.765	453	141	1.427	90
Autonomicos	53	58	93	30	59	94
Totais	1.005	4.351	716	557	1.931	269

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Cadro 12.16**Persoas traballadoras afectadas segundo a medida e o sexo. Galicia. 2016-2017**

	Despedimentos colectivos		Suspensión de contratos		Reducción de xornada		Totais	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017	2016	2017
Homes	626	287	3.417	1.369	391	132	4.434	1.788
Mulleres	379	270	934	562	325	137	1.638	969
Totais	1.005	557	4.351	1.931	716	269	6.072	2.757

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O cadro 12.16 mostra a desagregación por sexo con máis homes que mulleres afectadas sendo a diferenza máis relevante nas suspensións de contratos. A redución das mulleres afectadas alcanzou o -40,84% e o -59,68% no caso dos homes.

Cadro 12.17

Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada e persoas traballadoras afectadas, segundo ámbito territorial (anos 2010-2017)

	Expedientes					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Autonómicos	Totais
2010	368	80	46	510	7	1.011
2011	472	148	63	734	19	1.436
2012	700	188	137	1.261	46	2.332
2013	604	177	161	930	45	1.917
2014	324	91	72	483	14	984
2015	228	51	30	299	5	613
2016	123	31	25	290	0	434
2017	83	22	18	125	0	221

	Persoas traballadoras afectadas					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Autonómicos	Totais
2010	4.657	857	614	7.564	327	14.019
2011	5.661	1.560	1.070	11.271	1.165	20.727
2012	7.443	1.479	2.360	15.259	2.275	28.816
2013	5.514	1.172	1.934	9.577	2.054	20.251
2014	3.368	452	605	6.882	454	11.761
2015	2.597	341	326	2.938	65	6.267
2016	1.318	145	148	5.075	0	6.686
2017	1.116	131	205	1.887	0	3.339

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego.

Ponse de manifesto neste cadro 12.17 que despois do elevado incremento dos anos 2011 e 2012, a tendencia varía no 2013 e dende entón a redución tanto nos expedientes coma nas persoas afectadas se mantén ata o 2017.

Cadro 12.18

**Empresas e persoas traballadoras afectadas por procedementos de regulación de emprego,
segundo tipo de medida, por comunidade autónoma**

	Empresas afectadas ⁽¹⁾		Persoas traballadoras afectadas							
			Total		Despido colectivo		Suspensión de contrato		Redución de xornada	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017	2016	2017	2016	2017
Andalucía	443	289	6.657	4.683	1.954	2.385	3.846	1.649	857	649
Aragón	221	131	11.028	2.450	624	461	10.094	1.675	310	314
Asturias	257	170	4.196	2.642	399	750	3.388	1.020	409	872
Baleares	113	82	1.110	675	521	313	468	323	121	39
Canarias	102	76	1.379	1.999	386	314	907	1.618	86	67
Cantabria	148	94	3.057	2.027	325	219	2.537	1.340	195	468
Castela-A Mancha	81	84	785	2.099	486	684	216	344	83	1.071
Castela e León	404	262	4.881	3.811	995	1.238	3.204	2.134	682	439
Cataluña	550	375	11.426	6.105	4.815	2.910	5.666	2.419	945	776
C. Valenciana	532	366	8.257	5.212	2.193	1.788	4.875	2.782	1.189	642
Estremadura	78	57	512	823	96	123	299	126	117	574
Galicia	434	221	6.686	3.339	1.699	1.038	4.303	1.949	684	352
Madrid	476	363	13.723	13.167	7.888	6.675	4.625	5.199	1.210	1.293
Murcia	72	45	737	404	476	114	77	147	184	143
Navarra	160	91	3.238	3.189	521	387	2.483	2.597	234	205
País Vasco	429	264	8.341	4.678	799	1.273	6.334	2.896	1.208	509
A Rioxa	32	16	481	149	157	99	300	36	24	14
Ceuta	4	4	54	16	7	13	15	3	32	
Melilla	5	4	28	29	7	29	21	0		
Total	4.541	2.994	86.576	57.497	24.348	20.813	53.658	28.257	8.570	8.427

(1) Nos datos de empresas, os datos do total nacional e dos totais por provincias e/ou comunidade autónoma poden non coincidir coa suma dos datos por comunidades autónomas debido a que unha mesma empresa pode ter centros afectados por procedementos de regulación de emprego en distintas provincias e/ou comunidades autónomas.

Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Cos datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social (cadro 12.18), podemos observar como en todas ás comunidades autónomas diminúen significativamente o número de persoas traballadoras afectadas por todas ás medidas.

12.2. Fondo de Garantía Salarial (Fogasa)

O Fondo de Garantía Salarial (Fogasa) é un organismo autónomo pertencente ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social. creado para garantir os créditos salariais en situacións de insolvencia da empresa.

O Fogasa regúlase polo Real decreto 505/1985, do 6 de marzo, polo que se establece a súa natureza, organización e funcionamento.

Están protexidas polo Fogasa as persoas traballadoras contratadas laboralmente, con independencia do tipo de empresa e contrato ou da relación laboral especial. Está incluído os persoal de alta dirección e as traballadoras e traballadores suxeitos a prestación de servizos de carácter transnacional. Tamén están amparados as socias e socios traballadores de sociedades laborais que contén cun número de socios superior a 25.

Están fóra do seu ámbito de protección as persoas ao servizo do fogar, as que ostenten cargos de conselleiras e conselleiros e administradoras e administradores de sociedades mercantís capitalistas que non posúan o control efectivo, cando desenvolvan funcións de dirección e xerencia e sexan retribuídas por iso ou pola súa condición de persoas traballadoras. Tampouco están no seu ámbito de cobertura as socias e socios traballadores de cooperativas de traballo asociado ou explotación comunitaria da terra.

As prestacións económicas satisfeitas polo Fogasa teñen como finalidade:

- Garantir ás persoas traballadoras por conta allea o percibo dos salarios e as indemnizacións pendentes de pagamento como consecuencia de desequilibrios patrimoniais das empresas nos casos de insolvencia declarada e recoñecida xudicialmente, suspensión de pagamentos, quebra, forza maior ou concurso de acredores, derivadas de despedimento improcedente ou nulo, despedimento obxectivo ou extinción colectiva, extinción do contrato por vontade da persoa traballadora mediando causa xusta, así como extinción de contratos temporais nos casos que legalmente proceda.

Estas circunstancias deben ser recoñecidas por sentenza, auto, acta de conciliación xudicial ou resolución administrativa ou certificación da administración concursal, nos supostos de indemnización, ou por acta de conciliación xudicial ou administrativa, resolución xudicial ou certificación da administración concursal, nos supostos de salarios.

- Aboar directamente as seguintes indemnizacións, sen necesidade de declaración de insolvencia ou concurso:
 - . Empresas de menos de 25 persoas traballadoras, o 40% da indemnización legal, en caso de despedimento obxectivo ou extinción colectiva.
 - . Expedientes de regulación de emprego por causa de forza maior, cando a autoridade laboral acorde o pagamento parcial ou total da indemnización.

Cadro 12.19

Expedientes, empresas afectadas e persoas beneficiarias das prestacións acordadas, segundo sexo, por provincia, Galicia. 2016-2017

	EXPEDIENTES		EMPRESAS ⁽¹⁾		persoas beneficiarias					
					ambos sexos		execucións laborais		procedementos concursais	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017	2016	2017	2016	2017
Galicia	5.570	5.090	2.319	1.797	7.662	6.357	4.684	3.539	2.975	2.813
A Coruña	2.204	2.261	985	1.001	3.013	2.867	1.782	1.721	1.228	1.142
Lugo	401	200	209	186	605	801	397	612	208	189
Ourense	445	373	178	136	602	427	360	310	242	117
Pontevedra	2.520	1.956	993	504	3.442	2.262	2.145	896	1.297	1.365

(1) O número de empresas que figura no total non se corresponde coa suma dos parciais, xa que unha mesma empresa pode estar ubicada en máis dunha provincia.

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social, Avance anuario de estadísticas 2016/2017.

Tanto no conxunto do Estado, coma en Galicia, e tanto en 2016 coma en 2017, reducíronse de forma significativa, con respecto a anos anteriores, o número de expedientes e de persoas beneficiarias das resolucións do Fogasa.

Esta redución tamén se aprecia nas empresas afectadas, en Galicia e en España.

En Galicia a redución do número de persoas beneficiarias de prestacións do Fogasa foi en 2016 do 38%, con respecto a 2015, e do 17% en 2017, en comparación co 2016.

A nivel estatal a redución alcanzou o 11% no 2016 e o 39% no 2017, foi menor que en Galicia o primeiro ano e maior o segundo.

Se se comparan as provincias galegas, a maior redución deuse en Pontevedra en 2017 cun descenso do 34% e só se produciu aumento en Lugo, pasando de 605 persoas beneficiarias en 2016 a 801 en 2017.

Cadro 12.20

Importe dos salarios acordados segundo sexo, por provincia. Galicia. 2016-2017

	IMPORTE DOS SALARIOS ACORDADOS (miles de €)					
	Ambos sexos ⁽¹⁾		Varóns		Mulleres	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017
España	35.787,9	214.070,3	33.091,1	20.469,3	16.394,1	9.811,5
Galicia	17.848,7	15.366,0	11.369,2	9.594,5	6.470,2	5.456,6
A Coruña	7.457,1	7.616,2	4.700,9	4.813,0	2.746,9	2.490,0
Lugo	1.339,7	2.231,3	866,7	1.726,5	473,0	504,8
Ourense	1.500,4	1.145,1	974,0	888,5	526,3	256,6
Pontevedra	7.551,5	4.373,4	4.827,6	2.166,5	2.724,0	2.205,2

(1) a suma de varóns e mulleres non coincide con ambos sexos porque éste inclúe os non clasificables por sexo.

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social, Avance anuario de estadísticas 2016/2017.

Como consecuencia da diminución de persoas beneficiarias e empresas afectadas, hai tamén unha diminución dos importes dos salarios acordados tanto en España coma en Galicia.

No conxunto do Estado a redución foi:

2016: Mulleres 2% e homes 9%

2017: Mulleres 39% e homes 41%

Mentres que en Galicia:

2016: Mulleres 23% e homes 42%

2017: Mulleres 16% e homes 17%

O descenso en Galicia foi maior en 2016 e no Estado en 2017.

Tomando como referencia as catro provincias galegas, obsérvase o maior descenso en Pontevedra, cun 42% menos en 2017 sobre o 2016. Mentres que en Lugo o aumento chegou ao 67% no mesmo período, e en consonancia co aumento do número de persoas beneficiarias.

Cadro 12.21

Importe das indemnizacións acordadas segundo sexo, por provincia. Galicia 2016-2017

	IMPORTE DOS SALARIOS ACORDADOS (miles de €)					
	Ambos sexos ⁽¹⁾		Varóns		Mulleres	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017
España	685.283,8	376.528,6	464.959,3	245.469,0	218.757,4	129.710,4
Galicia	35.801,1	25.372,3	23.424,1	16.898,7	12.364,2	8.449,3
A Coruña	14.635,5	14.378,6	9.206,4	8.969,1	5.416,3	5.385,2
Lugo	2.498,0	3.182,4	1.859,2	2.565,0	638,8	617,4
Ourense	2.223,4	1.534,5	1.541,8	1.073,5	681,6	461,0
Pontevedra	16.444,2	6.276,8	10.816,7	4.291,1	5.627,5	1.985,7

(1) A suma de varóns e mulleres non coincide con ambos sexos porque éste inclúe os non clasificables por sexo.
Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social, Avance anuario de estadísticas 2016/2017.

Seguindo a tendencia das reducións do número de persoas beneficiarias e empresas en 2016 e 2017, tamén se reduciron os importes das indemnizacións acordadas.

En España estas reducións foron:

2016: Mulleres 6% e homes 9,5%

2017: Mulleres 32% e homes 47%

En Galicia:

2016: Mulleres 14% e homes 42%

2017: Mulleres 32% e homes 28%

O único aumento experimentouse na provincia de Lugo e no grupo de homes e a maior redución deuse en Pontevedra cun 46% en 2016 e 38% en 2017.

Polo tanto, agás en Lugo, no resto das provincias galegas a diminución apreciouse tanto no número de persoas beneficiarias, coma en número de empresas, importes dos salarios acordados e importes das indemnizacións acordadas.

Cadro 12.22

Importe dos salarios acordados segundo motivo de solicitude por provincia. Galicia 2016-2017

	IMPORTE DOS SALARIOS ACORDADOS (miles de €)					
	Total		Execucións laborais		Procedementos concursais	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017
	2016	2017	2016	2017	2016	2017
España	357.787,9	214.070,3	202.530,1	126.259,8	155.225,9	87.805,5
Galicia	17.848,7	15.066,0	10.393,4	8.391,3	7.455,2	6.674,8
A Coruña	7.457,1	7.316,2	4.151,4	4.795,9	3.305,6	2.520,3
Lugo	1.339,7	2.231,3	669,1	520,9	670,6	1.710,5
Ourense	1.500,4	1.145,1	938,3	971,0	562,1	174,1
Pontevedra	7.551,5	4.373,4	4.634,6	2.103,5	2.916,9	2.269,9

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social, Avance anuario de estadísticas 2016/2017.

Nos cadros 12.22 e 12.23 pódese apreciar, desagregados por tipoloxía de salarios e indemnizacións, execucións laborais ou procedementos concursais, os importes acordados.

Cadro 12.23

Importe das indemnizacións acordadas segundo motivo da solicitude, por provincia. Galicia 2016-2017

	INDEMNIZACIÓNS (miles de €)							
	Total		Por impago da empresa				Responsabilidade directa Fogasa	
			Execucións laborais		Procedementos concursais			
	2016	2017	2016	2017	2016	2017	2016	2017
España	685.283,8	376.528,6	322.812,2	186.430,3	350.527,5	187.696,9	11.994,1	2.401,3
Galicia	35.801,1	25.372,3	17.313,2	11.412,5	18.071,9	13.678,1	416,0	281,9
A Coruña	14.635,5	14.378,6	6.773,7	6.010,0	7.758,4	8.134,1	103,4	234,5
Lugo	2.498,0	3.182,4	1.022,8	747,5	1.457,5	2.430,7	17,7	4,3
Ourense	2.223,4	1.534,5	1.388,2	998,1	821,4	536,4	13,8	0,0
Pontevedra	16.444,2	6.276,8	8.128,5	3.656,9	8.034,6	2.576,9	281,1	43,1

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social, Avance anuario de estadísticas 2016/2017.